

de técnicas de actualización dos carteis que resulten máis complexas para o consumidor, polo cal, con tal finalidade, aprobou a Directiva 2003/73/CE, do 24 de xullo de 2003, pola que se modifica o anexo III da Directiva 1999/94/CE, que establece o referido formato dos carteis que deben exhibirse nos puntos de venda de turismos novos.

Esta orde procede, en consecuencia, á incorporación da referida Directiva 2003/73/CE, ó ordenamento xurídico interno. E dítase conforme a habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, que faculta os ministros de Sanidade e Consumo, de Medio Ambiente e de Ciencia e Tecnoloxía, no ámbito das súas competencias, para proceder mediante proposta conxunta á modificación e desenvolvemento dos seus anexos.

Na tramitación do procedemento déuselles audiencia ó Consello de Consumidores e Usuarios e ás asociacións empresariais relacionadas co sector.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente e do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo III do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto.*

Substitúese o anexo III do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ó consumo de combustible e ás emisións de CO₂ dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español, polo que figura no anexo da presente orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 15 de xaneiro de 2004.

ARENAS BOCANEGRA

Excmas. Sras. Ministras de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente e Excmo. Sr. Ministro de Ciencia e Tecnoloxía.

ANEXO

ANEXO III

Descrición do cartel ou da pantalla que se deberá exhibir no punto de venda

O cartel ou a pantalla responderán, como mínimo, ós requisitos seguintes:

1. Deberán ter un tamaño mínimo de 70 × 50 cm.
2. A información deberase poder ler facilmente.
3. Cando a información se provexa mediante pantalla electrónica, o tamaño desta deberá ser polo menos de 25 × 32 cm (17 polgadas). A información poderase mostrar utilizando unha barra de desprazamento vertical.
4. Os modelos de turismos deberanse agrupar e incluír en listas á parte segundo o tipo de combustible (por exemplo, gasolina ou gasóleo, etc.). Dentro de cada tipo de combustible, os modelos deberán figurar por orde crecente de emisións de CO₂, de forma que o modelo que oficialmente consuma menos combustible apareza no primeiro lugar da lista.

5. Para cada modelo de turismo da lista deberase precisa-la marca, o consumo oficial de combustible e as emisións específicas oficiais de CO₂. O consumo oficial de combustible deberase expresar en litros por cada 100 quilómetros (l/100 km), e a cifra redondearase a

un decimal. As emisións específicas oficiais de CO₂ deberanse expresar redondeándoas con precisión dunha unidade en gramos por quilómetro (g/km).

A lista deberá obedecer ó seguinte formato:

Tipo de combustible	Clasificación	Modelo	Emisións de CO ₂	Consumo de combustible
Gasolina	1			
	2			
	...			
Gasóleo	1			
	2			
	...			

6. Deberán incluí-lo seguinte texto en relación coa dispoñibilidade da guía de consumo de combustible e emisións de CO₂: «En tódolos puntos de venda pode obterse gratuitamente unha guía sobre o consumo de combustible e as emisións de CO₂ na cal figuran os datos de tódolos novos modelos de automóviles de turismo». En caso de que se utilice unha pantalla electrónica, esta mensaxe deberá estar visible permanentemente.

7. Deberán incluí-lo texto seguinte: «O consumo de combustible e as emisións de CO₂ non só dependen do rendemento do vehículo; inflúen tamén o comportamento ó volante e outros factores non técnicos. O CO₂ é o principal gas de efecto invernadoiro responsable do quecemento do planeta». En caso de que se utilice unha pantalla electrónica, esta mensaxe deberá estar visible permanentemente.

8. O cartel ou a pantalla deberanse actualizar polo menos cada seis meses. Cando se utilice unha pantalla electrónica, a información deberase actualizar polo menos unha vez cada tres meses.

9. A pantalla electrónica pode substituí-lo cartel de forma completa e permanente. Neste caso, a pantalla deberase exhibir de forma que atraia a atención do consumidor polo menos coa mesma eficacia con que o faría o cartel.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

1301 *REAL DECRETO 1741/2003, do 19 de decembro, polo que se regula a proba xeral de bacharelato.* («BOE» 19, do 22-1-2004.)

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, establece no seu artigo 37.1 que para obter o título de bacharel será necesaria a avaliación positiva en tódalas materias e a superación dunha proba xeral de bacharelato, as condicións básicas da cal serán fixadas polo Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas.

O establecemento dunha proba xeral de bacharelato responde á necesidade de homologar e garantir uns niveis básicos de igualdade nos requisitos esixibles a tódolos alumnos para obter unha titulación con efectos

z académicos e profesionais válidos en todo o territorio español e, ó mesmo tempo, homologa-lo noso sistema educativo co dos países da nosa contorna. Na mesma medida, e de acordo co que establece o artigo 104.1.f) da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, o real decreto recolle a participación da Alta Inspección Educativa para os efectos de velar polo cumprimento das condicións básicas que garantan a igualdade de tódolos españois no exercicio dos seus dereitos e deberes en materia de educación, así como dos seus dereitos lingüísticos e, en particular, o de recibir ensino na lingua oficial do Estado, de acordo coas disposicións aplicables.

A implantación das novas ensinanzas establecidas na citada lei orgánica lévase a cabo de acordo co calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo aprobado polo Real decreto 827/2003, do 27 de xuño.

No citado real decreto establécese que no ano académico 2004-2005 se implantará, con carácter xeral, a nova ordenación das ensinanzas no primeiro curso de bacharelato, e no ano académico 2005-2006, as ensinanzas do segundo curso de bacharelato e a proba xeral de bacharelato para obte-lo título de bacharel.

Unha vez publicado o Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do bacharelato, cómpre fixa-las condicións básicas que regulen a proba xeral de bacharelato a superación da cal permita a obtención do título de bacharel.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiu informe o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Finalidade.*

1. O obxecto deste real decreto é a regulación da proba xeral de bacharelato e o establecemento dos requisitos para poder participar nesta proba e, de se-lo caso, obte-lo título de bacharel en todo o territorio nacional.

2. A proba xeral de bacharelato terá como finalidade valorar con carácter obxectivo a madurez académica dos alumnos e os coñecementos adquiridos.

Artigo 2. *Requisitos.*

1. Poderán realiza-la proba xeral de bacharelato os alumnos que teñan avaliación positiva en tódalas materias comprendidas nos dous cursos da modalidade de bacharelato cursada, de acordo co establecido no artigo 37 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Para os alumnos que, en virtude do establecido no artigo 17 do Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do bacharelato, cambien de modalidade tras finaliza-lo primeiro curso, considérase como cursada a nova modalidade elixida no segundo curso.

2. Así mesmo, poderán realiza-la proba xeral de bacharelato os alumnos que superasen as materias comúns do bacharelato e o terceiro ciclo do grao medio de música ou danza, nas condicións establecidas no artigo 10.

Artigo 3. *Contido da proba.*

1. A proba xeral basearase nos obxectivos xerais do bacharelato e nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación das materias comúns e específicas de modalidade, determinadas no Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas comúns do bacharelato, e nas normas que establecen os respectivos currículos de bacharelato.

2. Os exercicios da proba xeral versarán sobre os contidos dos respectivos currículos e deberán incluír contidos correspondentes ás ensinanzas comúns de acordo co establecido no artigo 8.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Artigo 4. *Convocatorias.*

Anualmente realizaranse dúas convocatorias, unha ordinaria e outra extraordinaria, nas datas que fixen as respectivas administracións educativas.

Artigo 5. *Organización e desenvolvemento da proba.*

1. En cada comunidade autónoma constituirase unha comisión de proba, que será a responsable, dentro do seu ámbito de competencia, da organización e aplicación da proba xeral de bacharelato tanto na convocatoria ordinaria como na extraordinaria.

Esta comisión estará constituída por:

1.º Un representante da Administración educativa, que actuará como presidente.

2.º Un inspector de educación, cunha das especialidades de educación secundaria.

3.º Un catedrático de ensino secundario.

4.º Catro membros designados entre o corpo de profesores de ensino secundario e profesores que imparten ensinanzas no mesmo nivel educativo.

Así mesmo, e en virtude do establecido no artigo 104 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, na comisión de proba formará parte, con voz pero sen voto, un representante da alta Inspección na comunidade autónoma correspondente.

A comisión terá as seguintes funcións:

a) Definición dos criterios para a elaboración das propostas de exame e aprobación definitiva dos que se deban aplicar en cada materia nas convocatorias respectivas.

b) Establecemento dos criterios xerais de avaliación das probas.

c) Adopción das medidas precisas para garanti-lo segredo do procedemento de elaboración e selección dos exames, así como o anonimato dos exercicios realizados polos alumnos.

d) Coordinación cos centros que imparten bacharelato.

e) Garanti-lo funcionamento dos tribunais que se constitúan, conforme os principios de aleatoriedade, especialidade e obxectividade.

f) Resolución de reclamacións.

Ademais destas funcións, a comisión de proba terá aquelas outras que determine a correspondente Administración educativa.

2. A comisión de proba elaborará anualmente un informe no cal, entre outros aspectos, se recollerán os resultados obtidos nas probas polos alumnos dos diferentes centros, así como as cualificacións dos seus expedientes académicos e cantos datos, consideracións e propostas coide convenientes para a adopción de medidas que contribúan á máxima garantía de obxectividade das probas. Así mesmo, neste informe faranse constar as

desviacións significativas que poidan existir entre as cualificacións dos expedientes académicos dos alumnos e as cualificacións obtidas por estes na proba xeral.

O informe seralle presentado á correspondente Administración educativa, que o trasladará ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

3. Os exames da proba xeral de bacharelato realizaranse nos centros educativos que determinen as administracións educativas.

Artigo 6. *Estructura da proba xeral.*

1. A proba xeral de bacharelato constará de dúas partes. A primeira, de carácter xeral, consistirá na realización de tres exercicios sobre as materias comúns de calquera dos dous cursos que comprende o bacharelato. No caso de que a proba se realice nunha comunidade autónoma con lingua cooficial, a comunidade autónoma competente establecerá un cuarto exercicio referido á súa lingua cooficial. A segunda parte, de carácter específico, consistirá na realización de tres exercicios que versarán sobre tres materias de modalidade especificadas no Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do bacharelato, cursadas en calquera dos cursos do bacharelato.

O exercicio correspondente á lingua estranxeira terá unha parte oral e outra escrita. O resto dos exercicios serán escritos.

2. As administracións educativas establecerán os días en que os alumnos deberán realiza-los distintos exercicios. Os temas que se propoñan en cada un dos exercicios escritos serán os mesmos para tódolos alumnos que se examinen no mesmo día e á mesma hora en todo o ámbito da correspondente Administración educativa.

3. Para a realización dos exercicios, os alumnos poderán solicita-los protocolos de exame en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma en que estea o centro en que se examinan, e utilizar, á súa elección, calquera delas. Non obstante, os exercicios correspondentes á lingua castelá, á lingua cooficial propia da comunidade autónoma e á lingua estranxeira deberanse desenvolver nas respectivas linguas.

Artigo 7. *Primeira parte da proba.*

1. A primeira parte da proba terá como obxectivo comproba-la formación xeral e a madurez dos alumnos. Deberá avalia-lo grao de adquisición de coñecementos e destrezas básicas, como o uso da linguaxe, a comprensión e relación de conceptos, a capacidade de análise e síntese, así como o coñecemento e expresión oral e escrita dunha lingua estranxeira. Comprenderá tres exercicios, ou catro no caso de que se deba incluí-la lingua cooficial propia da comunidade autónoma.

2. O primeiro exercicio consistirá na análise e o comentario dun texto ou doutras fontes, de tipo histórico ou filosófico, así como as respostas ás cuestións que sexan formuladas ó respecto.

3. O segundo exercicio consistirá na análise dun texto de carácter literario en lingua castelá. O alumno deberá elaborar un resumo daquel, realizar un comentario sobre a estrutura e unha crítica do contido e dar resposta a cuestións de lingua e literatura que inclúan aspectos léxico-semánticos relacionados co citado texto.

4. O terceiro exercicio versará sobre o idioma estranxeiro cursado polo alumno no bacharelato como primeira lingua estranxeira, e incluírá unha parte oral e outra escrita.

A parte escrita consistirá na análise dun texto dunha lingua estranxeira, de linguaxe non especializada. O

alumno realizará un comentario persoal e responderá a cuestións relacionadas co texto, sempre no mesmo idioma e sen axuda de diccionario nin de ningún outro material didáctico.

A cualificación deste terceiro exercicio será a media das cualificacións da parte oral e da parte escrita.

5. No caso das comunidades autónomas con lingua cooficial propia distinta do castelán, os alumnos terán que realizar un cuarto exercicio sobre esta lingua.

6. Para a realización de cada un dos exercicios escritos, os alumnos disporán de hora e media.

Artigo 8. *Segunda parte da proba.*

1. A segunda parte da proba terá como obxectivo comproba-los coñecementos das materias específicas de modalidade establecidas no Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do bacharelato. Deberá avalia-los coñecementos adquiridos nestas materias, así como as habilidades básicas da especialidade: uso da linguaxe científica, comprensión e relación de conceptos, capacidade de análise e síntese e resolución de problemas. Esta parte constará de tres exercicios sobre materias específicas da correspondente modalidade, dúas obrigatorias, e a terceira, elixida polo alumno.

2. De acordo coas modalidades do bacharelato, os alumnos poderán inscribirse para a realización da proba nunha ou dúas das opcións que a continuación se indican; neste último caso, deberán examinarse unicamente das catro materias vinculadas ás opcións elixidas:

Modalidade de artes: opción artes.

Modalidade de ciencias e tecnoloxía: opción ciencias e enxeñería; opción ciencias da saúde; opción tecnoloxía.

Modalidade de humanidades e ciencias sociais: opción humanidades; opción ciencias sociais.

As materias obrigatorias correspondentes a cada opción serán as seguintes:

Opción artes: debuxo artístico e historia da arte.

Opción ciencias e enxeñería: matemáticas e física.

Opción ciencias da saúde: bioloxía e química.

Opción tecnoloxía: tecnoloxía industrial e mecánica.

Opción humanidades: latín e historia da arte.

Opción ciencias sociais: matemáticas aplicadas ás ciencias sociais e xeografía.

Cando os alumnos opten por examinarse das opcións de artes e humanidades, ademais das tres materias vinculadas ás dúas opcións, deberán examinarse dunha cuarta materia específica de calquera destas modalidades, elixida libremente polo propio alumno.

3. A terceira materia será elixida polo alumno entre as específicas da modalidade. Deberá ser unha materia con denominación diferente ás materias fixadas para cada opción cuns contidos que non estean total ou parcialmente incluídos nalgunha destas materias.

4. Os alumnos disporán para cada un dos exercicios escritos de hora e media. No caso de que o exercicio correspondente a algunha materia requira maior duración, a xuízo da comisión de proba, ese tempo poderase ampliar.

Artigo 9. *Composición dos tribunais.*

1. A comisión de proba garantirá, na constitución dos tribunais, que tódolos exercicios sexan cualificados por profesores da especialidade correspondente.

Os tribunais, os compoñentes individuais do cal serán elixidos por sorteo, estarán presididos por un inspector de Educación ou un catedrático de ensino secundario e integrados por membros do corpo de Inspección de

z
Educación, do corpo de catedráticos de ensino secundario e do corpo de profesores de ensino secundario.

Para a realización da parte oral do exercicio de lingua estranxeira incorporárase ó tribunal un número suficiente de profesores especialistas.

2. No desenvolvemento das probas poderanse incorporar ata un máximo de dous profesores do centro en que o alumno realízase o segundo curso de bacharelato no ano da convocatoria da proba, ós cales se lles dará audiencia no acto da cualificación.

Artigo 10. *Alumnos de Música ou Danza.*

1. Os alumnos que superasen as materias comúns do bacharelato e o terceiro ciclo do grao medio de Música ou Danza terán que realiza-la proba xeral para a obtención do título de bacharel. Estes alumnos realizarán completa a primeira parte da proba.

2. No caso de que queiran obter o título de bacharel por algunha das modalidades establecidas, examínaranse ademais das materias específicas vinculadas á opción elixida.

Artigo 11. *Adaptación para alumnos discapacitados.*

Para aqueles alumnos que no momento da súa inscrición xustifican debidamente algunha discapacidade que lles impida realiza-la proba xeral de bacharelato cos medios ordinarios, a correspondente comisión de proba tomará as medidas oportunas para que o poidan facer nas condicións máis favorables.

Artigo 12. *Actuacións dos tribunais.*

1. Os presidentes dos tribunais, no momento da constitución destes, comunicaranlles ós vocais os criterios xerais de avaliación establecidos. Estes criterios daránlles a coñecer ós alumnos ó comezo da proba.

2. Tódolos tribunais que actúen o mesmo día convocarán os alumnos en chamamento único á mesma hora para a realización dos exercicios escritos.

3. Cada tribunal cualificará os distintos exercicios de acordo cos criterios xerais de avaliación establecidos e cos específicos de corrección e cualificación reflectidos nas propostas de exame.

4. O presidente do tribunal organizará a vixilancia do desenvolvemento dos exercicios e garantirá o anonimato dos exercicios realizados polos alumnos e dos centros durante o proceso.

5. Finalizadas as actuacións, o presidente de cada tribunal enviará á comisión de proba unha acta de cualificación que incluíra unha relación nominal dos alumnos de cada un dos centros con expresión das puntuacións obtidas en cada exercicio e a cualificación final da proba, así como un informe sobre o desenvolvemento da proba en que se recolla calquera incidencia que se producise durante o proceso relativa ós alumnos e, de se-lo caso, ós vocais do tribunal.

Artigo 13. *Criterios de corrección dos exercicios.*

Os protocolos de exame incluírán obrigatoriamente a ponderación de cada unha das partes daqueles. Co fin de garanti-la máxima obxectividade e equidade das cualificacións, irán acompañados dos criterios específicos de corrección e cualificación, que se farán públicos unha vez realizada a proba.

Artigo 14. *Cualificacións e nota media.*

1. Cada un dos distintos exercicios que constitúen a proba será valorado de cero a 10 puntos.

2. Cada unha das dúas partes da proba recibirá unha cualificación independente, que será a media das puntuacións dos exercicios que a integran. A cualificación global da proba será a media das cualificacións das dúas partes, sempre que a cualificación de cada unha non sexa inferior a catro puntos.

Considerarase superada a proba e obterase o título de bacharel cando a cualificación global daquela sexa igual ou superior a cinco puntos.

3. Cando a cualificación nunha das partes da proba sexa de cinco puntos ou máis, esta cualificación terá validez para as seguintes convocatorias a que se presente o alumno.

4. Cando se realice a proba xeral de bacharelato por dúas opcións, haberá dúas cualificacións para a segunda parte da proba, unha para cada unha das opcións, calculadas do seguinte modo: sumarase o 40 por cento das cualificacións de cada unha das dúas materias vinculadas á opción, e o 20 por cento da cualificación máis alta das obtidas nas materias correspondentes á outra opción.

Para estes efectos, a materia de modalidade libremente elixida polo alumno de acordo co establecido no segundo parágrafo do artigo 8.2 considérase incluída na opción en que esta materia de modalidade estea integrada.

Artigo 15. *Reclamacións: dobre corrección.*

1. Os alumnos poderán solicitar, por escrito, ante o presidente do tribunal correspondente, a revisión da cualificación dos exercicios dos que se considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais de avaliación e específicos de corrección fixados, no prazo de tres días hábiles, contados a partir da data da publicación das cualificacións.

2. Os exercicios a revisión dos cales se solicitase serán corrixidos por un profesor especialista distinto ó que realizou a primeira corrección. A cualificación resultará da media aritmética de ámbalas correccións. No suposto de que existise unha diferenza de tres ou máis puntos entre ámbalas cualificacións, un profesor especialista distinto efectuará unha terceira corrección, outorgando a cualificación correspondente. Este procedemento deberase efectuar no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido no punto anterior.

3. Fronte á cualificación definitiva outorgada polo tribunal correspondente como resultado do procedemento a que se refire o punto anterior, os alumnos poderán presentar reclamación ante a comisión de proba no prazo de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación da resolución do tribunal.

4. A resolución adoptada pola comisión de proba porá fin á vía administrativa, consonte o que permite o artigo 109. d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. *Alumnos maiores de 21 anos.*

1. De acordo co establecido no artigo 54.4 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, as persoas maiores de 21 anos poderanse presentar á proba xeral regulada neste real decreto para obter o título de bacharel, por calquera das opcións vinculadas ás diferentes modalidades de bacharelato. Neste caso, a cualificación final do bacharelato será a obtida na proba.

2. Así mesmo, poderán obter o título de bacharel de acordo co establecido para as persoas maiores de 21 anos os alumnos que non superasen a proba e reúnan o requisito de idade para exercer a opción prevista no punto anterior.

Disposición adicional segunda. *Alumnos con estudos estranxeiros validables.*

Os alumnos españois ou estranxeiros con estudos homologables ós dos cursos do bacharelato definido na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, que cursasen tales estudos no estranxeiro ou en centros estranxeiros autorizados en España e que desexen obter o título de bacharel, realizarán a proba regulada neste real decreto, sen prexuízo do disposto na normativa sobre validación de estudos estranxeiros e da aplicación, cando proceda, das normas específicas que regulen a proba para alumnos con estudos estranxeiros validables.

Disposición adicional terceira. *Funcións da alta inspección.*

No exercicio das funcións atribuídas no artigo 104 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e no Real decreto 480/1981, do 6 de marzo, os representantes da Alta Inspección estarán facultados para efectuaren cantas actividades de comprobación e verificación sexan necesarias para o desempeño dos seus cometidos, incluída, entre outras, a realización de visitas de inspección ós tribunais a que se refire o artigo 9 deste real decreto, mantendo en todo momento as debidas relacións de coordinación cos órganos da comunidade autónoma.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que ten carácter de norma básica, dictase en virtude do establecido no artigo 149.1.30.^a da Constitución e en uso da competencia exclusiva do Estado para regula-las condicións para a obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais válidos en todo o territorio español, recollida expresamente na disposición adicional primeira.2 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte dictar cantas disposicións sexan precisas para a execución e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

1302 REAL DECRETO 1742/2003, do 19 de decembro, polo que se establece a normativa básica para o acceso ós estudos universitarios de carácter oficial. («BOE» 19, do 22-1-2004.)

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 42.2 que para acceder á universidade será necesario estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente. É esta unha condición de acceso que se impón como regra xeral e que permite estudar na universidade desde calquera modalidade de bacharelato cursado.

Esta nova regra de ingreso na universidade fai desparecer do noso sistema educativo universitario a proba de acceso, máis coñecida como selectividade, aínda que, tal e como regula este real decreto, a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no seu artigo 42.3, permite establecer procedementos de admisión, con carácter complementario ó sistema de acceso xeral, e con carácter específico en función da titulación de que se trate.

Por outro lado, a lei orgánica, segundo se desprende do seu artigo 44, reserva ó Goberno, do acordo coas comunidades autónomas e logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, a potestade para establecer límites máximos de admisión de estudantes, é dicir, límites máximos de prazas, por motivos de interese xeral ou para poder cumprir esixencias derivadas de directivas comunitarias ou de convenios internacionais.

A posibilidade de introducir mecanismos de admisión nas distintas ensinanzas universitarias de carácter oficial debe cumprir tres aspectos esenciais: en primeiro lugar, o respecto ós principios de igualdade, mérito e capacidade; en segundo lugar, a adecuación á normativa básica que dicte o Goberno, e o axuste á programación da oferta de prazas dispoñibles efectuada polas comunidades autónomas; e, en terceiro lugar, unha coordinación dos sistemas de admisión que lles permita ós estudantes concorreren a universidades diferentes, mantendo as posibilidades de mobilidade que lles ofrece o actual distrito aberto.

Os resultados destes procedementos de admisión que poidan establece-las universidades virán, en todo caso, determinados maioritariamente pola cualificación que o estudante obtivese no bacharelato. En efecto, de conformidade co previsto no artigo 37.4 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, dentro dos requisitos de acceso que poida establecer o Goberno, deberá prima-la dita cualificación final que resulta da media ponderada da cualificación obtida na proba xeral de bacharelato e a media do expediente académico do alumno no bacharelato.

Sobre este real decreto emitiu informe o Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Acceso á universidade.*

1. O acceso á universidade no marco da autonomía universitaria regúlase con respecto ó dereito á educación, ós principios de igualdade, mérito e capacidade, non-discriminación e igualdade de oportunidades.

2. Os estudantes que reúnan os requisitos esixidos pola lexislación vixente para o acceso a estudos uni-